

# O NENO

QUE NON PARABA DE

# MEDRAR

num. 0

2025



producido por humano  
non por IA



ESTE NENO COME  
MOI BEN



XA NON  
CABE NO  
BERCE...



O MEU FILLO  
É O QUE MÁIS  
COME E O QUE  
MÁIS MEDRA!



OH, NON!  
A MIÑA  
CASA!  
AS MIÑAS  
COUSAS!

ÑAM, ÑAM, ÑAM!



FAMEEEEEEE...!



A estas alturas ninguén se sorprenderá ó saber que o crecemento económico dos países e as grandes empresas non implica o aumento do benestar das persoas.

SEN  
límite

LESS  
STUFF  
MORE  
CRAFT



CRECIMENTO

NONO  
REVERSIBLE!

A palabra crecemento adoita ter unha connotación positiva, pero non sempre é así. Cando algo xa é "demasiado" grande, meirande non é mellor: axeitado é mellor.

Idea, Realización e Ilustracións: Daniel Bañobre Dopico e Tamia G. Mourelle  
Textos: Daniel Bañobre Dopico  
Doodles: Nube  
O Incrible Fanzine Menguante - [fanzine@lamdras.eu](mailto:fanzine@lamdras.eu)

escrito por humano  
non por IA



# COUSAS COUSAS COUSAS + ti

A publicidade é un deses elementos cotiáns que nos manteñen no "máis é mellor", nunha constante carreira cara adiante na que sempre "necesitamos" cousas novas.



Comprar a versión máis recente ou con máis funcionalidades dun obxecto é un xeito de que se nos acepte nun determinado estatus ou grupo.

Renunciamos, entón, a esa sensación tan agradable que produce a novidade?



## *Síntete útil!*

*Unha visita á casa dunha persoa achegada para solucionar maxicamente aquel pequeno problema resulta máis satisfactorio e mellora de xeito máis sólido a súa consideración!*

## *Crea!*

*Adquirir habilidades é a mellor investimento: Personaliza un moble, fai unha artesanía, decora as paredes, reubica os mubles... e síntete orgullos@ da túa casa!*

## *Alardea!*

*Síntete fachenda da persoa capaz e creativa que es. Desfruta do agradecemento, admiración e cariño que recibes das persoas que te rodean. Goza coidando e deixándote coidar.*

## *Está na túa xenética!*

... non hai nada que nos faga sentir mellor ou nos convirta en persoas máis atractivas para o resto, que ser capaces de coidar daqueles que están ó noso carón. Moito mellor que os trinta segundos de gloria que nos proporciona o noso novo teléfono ata que quede "convertido en lixo" polo próximo modelo cargado de funcionalidades que non precisamos.

# Pero que é o mundo sen cousas? Pero que é o mundo sen cousas?

Aínda así, que é o mundo sen cousas? Podemos mellorar a nosa relación coas cousas que mercamos?

Podemos fuxir de moitos dos custos que non son necesarios e veñen asociados ás cousas: **o mercado de segunda man**.



Opta por comprar na túa cidade. Coñece a persoa vendedora e mira se te sentes cómoda con ela.

Protexe a túa compra se o seu custo o xustifica: tes factura? Algún tipo de garantía? Redes sociais para denunciar?

Non pagues polas cousas usadas máis do que valen: calcula un 60% do seu valor como novo.

*E, cando xa non precisas as túas cousas... déixaas seguir a súa vida no mercado de segunda man e coñece máis xente coma ti.*

# Taboleiro de Anuncios

## QUERES UN MENHIR COMO O DO TEU VECIÑO?

Entrega de menhires  
a domicilio.  
Tódolos tamaños.  
Tamén temos  
monolitos.

## TRASPÁSASE UNIVERSO POR NON PODER ATENDELO

Tódolos permisos  
en regra. Inclúe  
set de planetas e  
tódalas cousas.

## VÉNDENSE PAUS

Acabados rústicos,  
modernos,  
contemporáneos,  
deconstruídos ou  
industriais.  
As mellores calidades.  
Imitación ou madeira  
natural. Ecolóxicos.  
OUTLET físico.  
Solicita cita previa.

## ALÚGANSE TRASTEIROS

Páganos un pastón por  
conservar as cousas que  
xa non precisas!  
Ollos que non ven...

566 666 111

## ADIVIÑO COUSAS

Vas de shopping e  
non sabes aínda o  
que che apetece  
mercar? Chámame e  
axudareiche a  
coñecer as túas  
futuras compras.  
GARANTIDO.

Menaxe, ferretería,  
electrónica, roupa,  
automóbiles.


Absterse mercado  
inmobiliario (aí  
que che axude Rita  
la Cantaora!)

## CANDO FOI A ÚLTIMA VEZ QUE CAMBIACHES O CHISME DO TREBELLO?

Se hai máis dun mes,  
chámanos o n. 556554545.

Se hai máis de dous,  
chámanos o noso  
teléfono de urxencias:  
13131.

Temos os últimos  
chismes actualizados  
para o teu trebello.  
Recollemos o teu chisme  
obsoleto, para que non  
pases vergonza cando o  
botes ó lixo.



**KEEP  
IT  
SIMPLE  
AND  
SAVE  
MONEY**

# Simplicidade: unha gran vantaxe

Non todo pode ser de segunda man. Pero, non te preocupes, tamén podes mellorar as túas compras de obxectos novos e simplificar a túa vida.

De seguido, un par de exemplos que vas adorar! ;)

## Custo do café para 1460 tazas de café ó ano (4 tazas/día)\*

mercado café Tueste Natural mesma marca

**OPCIÓN  
SIMPLE**



Cafeteira moka  
2 tazas

174,20 €/ano

**OPCIÓN  
COMPLEXA**



Cafeteira  
de cápsulas

265,92 €/ano

**Total aforro**

265,92 €/ano

- 174,20 €/ano

**91,72 €/ano**

## Custo de 12 sacos 15kg area para gatos ó ano (1 ó mes)\*

**OPCIÓN  
SIMPLE**



Pellets

71,88 €/ano

**OPCIÓN  
COMPLEXA**



Area aglomerante

185,80 €/ano

**Total aforro**

185,80 €/ano

- 71,88 €/ano

**113,92 €/ano**

\*Comparativa segundo prezos da web online do mesmo supermercado - Outubro do 2025



# AMINORIL SIMPLEX

**Resultados  
garantidos!**

Medicamento indicado para casos de acumulación severa e compras compulsivas online.

Efectivo tamén para Dióxenes Dixital.

Recoméndanse longos paseos pola natureza despois do seu consumo.



**pon**  
as cousas  
ó servizo  
da túa vida

**non**  
a túa vida  
ó servizo  
das cousas



**9 de cada 10**  
mulleres galegas  
*adoran a*  
**copa**  
**menstrual**

*Mimá!*  
*O que vou*

”

“

**aforrar**  
*en tampóns!*